

Dona María del Mar García Vidal, alcaldesa accidental por delegación decreto de Alcaldía 139/2022 do Concello de Negreira, na Provincia de A Coruña

Tras convocatoria publicada pola Consellería de Emprego e Igualdade, no seu DOG nº 21 do 1 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego e mellora da empregabilidade no ámbito e colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2022. Tras notificación de Resolución favorable para a contratación de 2 socorristas para a tempada de verán, con vinculación a estes programas de empregabilidade 2022, e considerando as facultades que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e demais disposicións concordantes e de aplicación.

EXPEDIENTE: 2022/G003/000154

RESOLVO:

Primeiro: Aprobar as BASES para a contratación de persoal laboral a xornada completa, do Programa para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, en este caso 2 socorristas, cun período de 2 meses.

O texto das bases vai adherido como anexo a este decreto.

Segundo: Dar conta deste acordo ó Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Terceiro: Remitir á Consellería de Emprego e Igualdade toda a documentación que requira para unir ó expediente.

ANEXO:-

BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN DE DOUS SOCORRISTAS TRABALLADORES DESEMPREGADOS, POR UN PERÍODO DE DOUS MESES, AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA AS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DE EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

En cumprimento da Orde do 07 de xaneiro de 2022, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022. O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal de dous traballadores desempregados para cubrir dúas prazas de socorristas que prestarán servizo na piscina municipal. A tal efecto formalizarase o devandito contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral

O persoal contratado estará suxeito durante a súa relación laboral á normativa sobre incompatibilidades prevista na función pública.

2.-NORMATIVA APLICABLE

Serán de aplicación os seguintes textos normativos para o proceso de selección, e as relacións laborais que pola súa causa se constitúan:

Lei 7/85, de 2 de abril, Lei Reguladora das Bases do Réxime Local.

Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local.

Real Decreto 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local.

Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o proceso de selección dos funcionarios da administración local.

Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, en aqueles preceptos que manteñan a súa vixencia.

Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 2/2015, de 29 de abril de emprego público de Galicia.

Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

De forma supletoria, serán de aplicación o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da administración xeral do estado, así como demais normativa de aplicación.

3.- PUBLICIDADE.

As bases serán publicadas no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web e facilitarase copia destas na Oficina do Rexistro Xeral do Concello a aqueles aspirantes que as soliciten.

Os resultados das probas, para os efectos de notificación dos interesados, así como as citacións e notificacións dos mesmos, levaranse a cabo unicamente a través do Taboleiro de Anuncios do Concello.

4.- DURACIÓN- HORARIO –E TAREFAS ENCOMENDADAS

Duración do contrato: dous meses dende a sinatura dos contrato.

A xornada de traballo será de xornada completa de 37,5 horas semanais de luns a domingo, cos descansos que establece a lei, que haberá de acomodarse ó horario da piscina. As persoas contratadas estarán obrigadas a presta-la súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, con horario de mañá ou de tarde, ou fraccionando a xornada se fora preciso, e de acordo coa lexislación aplicable, quedando sometida a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estará suxeita á lexislación laboral pertinente.



O contrato comezará o 15 de xuño ata o 15 de agosto (2 meses).

As principais tarefas encomendadas serán as seguintes:

- I. Vixiancia e coidado dos bañistas nas instalacións da piscina.
- II. Coidar de que o comportamento dos bañistas se axuste ao disposto na normativa vixente sobre piscinas de uso público e sobre a utilización das instalacións.
- III. Coidar que o comportamento dos bañistas se axuste ó disposto na normativa vixente sobre piscinas de uso público e sobre a utilización das instalacións.
- IV. Velar en todo momento pola seguridade dos usuarios da piscina municipal nas que prestan o seu traballo.
- V. Prestar os primeiros auxilios que sexan precisos.
- VI. Asegurar o bo funcionamento dos utensilios do botiquín existente na piscina, etc...

5.-REQUISITOS E CRITERIOS PARA A SELECCION DOS TRABALLADORES.

Para tomar parte neste proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

a) Ser de nacionalidade española. As persoas nacionais doutros estados da Unión Europea poderán acceder ao posto de traballo consonte o disposto no artigo 57 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico da Función Pública.

b) Ter cumpridos 18 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Ter capacidade funcional para o desempeño das tarefas: non padecer enfermidade ou defecto físico que inhabiliten para o desempeño normal das funcións que son obxecto do presente contrato. Presentar a declaración xurada de aptitude física e psíquica no momento de acreditar os requisitos no proceso de selección. (Xúntase anexo.)

d) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza xudicial firme para o exercicio das funcións públicas. (Axúntase anexo II)

f) Os traballadores por esixencia da Orde do 07 de xaneiro de 2022, deberán ser desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no



momento da selección como na formalización do contrato temporal. Será a entidade beneficiaria da subvención a encargada de comprobar que no momento do inicio da relación laboral, a persoa seleccionada estea inscrita na oficina de emprego.

g) Os traballadores e as traballadoras que fosen contratados, por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021, pola Consellería de Emprego e Igualdade, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta Orde.

h) Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

1. Mulleres, en especial as que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
2. Persoas con discapacidade.
3. Persoas desempregadas de longa duración.
4. Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aqueles sen cualificación profesional.
5. Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.
6. Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
7. Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

i) Non se esixe ter titulación académica específica, non obstante o candidato deberá estar inscrito no Rexistro profesional de persoal socorrista, información e primeiros auxilios de Galicia e acreditar a posesión de formación mínima esixida (Decreto 152/2021 do 21 de outubro polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº.216 do 10/11/2021)

j) Copia da documentación acreditativa da solicitude de inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, nos termos expresados no art. 9 do Decreto 104/2012 do 16 de marzo.

A selección dos traballadores desempregados realizarase polo Concello de Negreira, de entre os que figuren no listado de candidatos preseleccionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia, unha vez presentada polo Concello a correspondente oferta de emprego específica na

oficina de Santiago-Norte (A Coruña).

Os requisitos cumpriranse na data de remate da presentación de documentación e deberán manterse con posterioridade ata a contratación laboral.

Non se poderá realizar un contrato cun traballador/a que non reúna os requisitos esixidos no artigo. 14 da Orde de convocatoria.

En ningún caso poderán os/as mesmos/as traballadores/as estar contratados, mediante dous ou máis contratos temporais, para o mesmo ou diferente posto de traballo, durante un prazo superior a 24 meses, nun período de 30, polo que, cando se prevea que coa nova contratación se van superar estes límites, pasarase o seguinte candidato da lista, e así mentres resulte a afectación por estas limitacións.

6.- REQUISITOS PARA A SELECCIÓN E DATAS PARA REALIZACIÓN DO PROCESO SELECTIVO

Para o procedemento selectivo serán de aplicación os artigos 14 e 15 da Orde do 07 de xaneiro de 2022.

Os/as interesados/as en participar neste proceso selectivo deberán ser desempregados/as non ocupados/as inscritos/as na Oficina de Emprego de Galicia, a través da que se formulará a correspondente oferta. Soamente serán admitidos e poderán presentarse a este proceso os candidatos que figuren no listado que remita o Servizo Público de Emprego de Galicia de conformidade coa oferta de emprego presentada por este concello, non sendo admitido/a ningún outro/a candidato/a que non figure no citado listado. A oferta de emprego, terá a denominación de **SOCORRISTA** tal e como figura na resolución concedida pola Consellería de Emprego e Igualdade

Datas para a realización das probas, serán publicadas nas listaxes de candidatos/as definitivos, presentados/as ó proceso.

Os/as candidatos/as deberán presentarse, na data e hora que a Oficina Pública de Emprego ou en todo caso o Concello de Negreira requira (ben por carta ou por calquera outro medio de comunicación que a Oficina de Emprego ou o Concello acorde) nas dependencias municipais do Concello de Negreira, con DNI, máscara e a documentación que se requira para a fase de baremación de méritos.

Polo tanto, non se aceptará ningunha documentación que non se presente na data e hora que se establece na citación, é dicir, non se admitirá documentación fóra do prazo establecido.

Os/as candidatos/as deberán realizar unha proba escrita para optar ás dúas prazas ofertadas.

Para acreditar que se atopan incursos en algunha das preferencias establecidas no punto 5. do artigo 14 da devandita Orde do 7 de xaneiro de 22, os/as candidatos/as, achegarán os documentos que a continuación se indican:

Mulleres e maiores de 45 anos	Copia DNI
Mulleres vítimas de violencia de xénero	Copia DNI Documentación sentenza xudicial e/ ou orde de protección.
Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aqueles sen cualificación profesional.	Informe vida laboral Copia DNI Copia titulación académica e declaración xurada do nivel formativo acadado.
Persoas desempregadas de longa duración. Parados de longa duración: aqueles que leven máis de 1 ano en desemprego.	Copia DNI Certificado/Informe vida laboral ou certificado/informe do Servizo Público de Emprego no que se faga constar dita circunstancia.
Persoas con discapacidade	Copia DNI Certificación correspondente de discapacidade.
Integrantes de colectivos desfavorecidos	Copia DNI Informe da traballadora social para acreditar colectivos desfavorecidos.
Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.	Copia DNI Certificado/Informe do Servizo Público no que se faga constar dita circunstancia.
Existencia de cargas familiares, entendéndose por estas ter a cargo das persoas traballadoras desempregadas o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores incapacitadas ou menores en acollemento.	Copia do DNI Copia libro de familia, certificado de convivencia, certificado de pensións, certificado de discapacidade da persoa ó cargo, certificado/informe da oficina de emprego onde conste a situación de desemprego das persoas que conviven, e calquera outra documentación a maiores da anterior que acredite ditas circunstancias.



7.- PROCESO DE SELECCIÓN

O proceso de selección contará coas seguintes fases:

1.- Criterios sociais de integración laboral: Establecidos no punto 5, do artigo 14 da Orde do 7 de xaneiro de 2022.

Valorarase 0,20 puntos por atoparse nalgunha ou nalgunhas das situacións que logo se relacionan, ata **un máximo de un punto.(Máx. 1 punto)**

- a) Mulleres, e en especial as que acrediten ser vítimas de violencia de xénero.
- b) Persoas con discapacidade.
- c) Persoas desempregadas de longa duración.
- d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aqueles sen cualificación profesional.
- e) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.
- f) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- g) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

Así mesmo terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

2.- Proba escrita. Consistirá na realización dun exercicio que será cualificado de 0 a 12 puntos sendo necesario obter unha cualificación **mínima de 6 puntos** cada un para superala sendo obrigatorio e eliminatorio. **(Máx. 12 puntos)**

De carácter eliminatorio. Esta proba consistirá en responder un cuestionario tipo test de vinte preguntas, con tres respostas alternativas.

A proba avaliará os coñecementos relativos aos conceptos teóricos en materia de salvamento e socorrismo, sendo o temario o seguinte:

Temario Primeiros Auxilios: Tema 1: Pautas xerais ante un accidentado. Tema 2: Valoración dun accidentado. Tema 3: Reanimación cardio-pulmonar. Tema 4: Hemorragias. Tema 5: Feridas. Tema 6: Trastornos pola calor. Tema 7: Lesións e trastornos polo frío. Tema 8: Intoxicacións pola vía dixestiva. Tema 9: Picaduras e mordeduras. Tema 10: Intoxicacións por drogas. Tema 11: Asfixias.

Temario Salvamento Acuático: Tema 1: Principios xerais do salvamento acuático. Tema 2: Secuencia de actuación no salvamento acuático. Tema 3: Técnicas de entrada na auga. Tema 4: Flotacións: Tema 5: Técnicas de nado adaptadas. Tema 6: O mergullo. Tema 7: Técnicas de respiración artificial no medio acuático. Tema 8: Técnicas de extracción de accidentados. Tema 9: O salvamento acuático en espazos naturais

3.- Formación: Puntuarase da seguinte maneira, (**Máximo de 7 puntos**).

O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as que superaran a fase de oposición (proba escrita) xa que a non presentación á mesma ou a non superación da mesma, suporá a eliminación do proceso.

Puntuarase cun máximo de 7 puntos, dacordo coa seguinte distribución:

1) Formación : Máximo 7 puntos. Puntuaranse as accións formativas relacionadas co posto obxecto da convocatoria. Polo tanto, cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por elas (neste último caso deberá constar expresamente no título tal homologación para que poidan ser valorados).

- Cursos de duración de ata 35 horas: 0,25 puntos
- Cursos de máis de 35 horas e ata 59 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de máis de 59 horas e ata 120 horas: 0,75 puntos
- Cursos de máis de 120 horas: 1,00 puntos.
- Cursos de lingua galega;
 - Celga 2: 0,25 puntos.
 - Celga 3 : 0,50 puntos.
 - Celga 4: 0,75 puntos.

O resultado final do proceso de selección, será a suma dos criterios de valoración, proba escrita e formación, en caso de empate nas puntuacións resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos na proba escrita. De persistir o empate resolverase a favor dos aspirantes que máis tempo leven inscritos como demandante de emprego. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

8- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1. O tribunal cualificador estará integrado por cinco membros titulares os correspondentes suplentes, que serán designados pola Alcaldía-Presidencia no decreto polo que se aprobe a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.
2. A composición dos tribunais axustarase ós principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.
3. A pertenza ós órganos de selección será sempre a título individual e non se poderá exercer esta en representación ou por conta de ninguén.
4. Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ó exigido para participar no proceso selectivo.
5. Cada tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas o aconselle. Estas asesorías limitaranse a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.
6. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente/a e o secretario/a. De todas as reunións que se celebren o/a secretario/a redactará a correspondente acta.
7. Os membros absteranse de intervir, e comunicarán á autoridade convocante, cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.
8. O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e/ou cuestións que se susciten ó respecto da aplicación e/ou interpretación das normas contidas nestas bases, así como nos supostos non previstos nas mesmas, recabando, no seu caso, a emisión de informe e/ou opinión especializada por parte dos asesores que ó efecto poidan ser requiridos.
9. En todo o non previsto nestas bases, o procedemento de actuación do tribunal axustarase ó establecido na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados, tanto na Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, como nas restantes previsións normativas concordantes e/ou substitutivas.

9- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará no citado taboleiro de anuncios o nome das persoas aspirantes por orde da puntuación total final, con especificación

desta. A orde de clasificación definitiva de todos os aspirantes virá determinado polo resultado obtido nas fases do proceso selectivo.

En ningún caso o Tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.

Mentres non se formalice o contrato, as persoas propostas non terán dereito a percepción de cantidade económica algunha. Establécese un período de proba de 15 días, conforme o artigo 14 do Estatuto dos Traballadores. Transcorrido este período se as persoas das que se trata o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

O non previsto nestas bases, será de aplicación, o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e demais lexislación complementaria que resulte de aplicación.

De producirse algunha vacante nas prazas ofertadas durante a vixencia dos contratos, serán chamados aqueles aspirantes por orde de puntuación da lista de agarda, sempre que reunisen os requisitos da convocatoria.

10.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato terá lugar en canto o interesado presente a documentación pertinente:

- Fotocopia DNI
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, CCAA ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.(anexo II)
- Xustificante da Conta Bancaria.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño de funcións propias do posto de traballo, que será xustificada mediante Informe Médico.
- Certificado de delitos sexuais.

1.- PROTECCIÓN DE DATOS.

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporaranse nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Val do Dubra, onde poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, e no seu caso, o de oposición dirixindo á Secretaria solicitude asinadas por escrito xunto cunha fotocopia do DNI.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consintan o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello e na páxina web aos efectos de dar a publicidade esixida ó procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

12.- RECURSOS.

As presentes Bases e cantos actos se deriven desta poderán impugnarse cos medios e forma previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Deste xeito contra as presentes bases e a resolución que as aproba, poderase interpoñer recurso contencioso - administrativo ante os Xulgados da Xurisdicción Contencioso - Administrativa no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpor recurso de reposición ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado desde ao día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Todo iso sen prexuízo do que poida exercitar calquera outra acción que considere procedente.

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación supletoria a normativa aplicable recollida no apartado 3º.

Negreira, 18 de maio de 2022.

A Alcaldesa Accidental
M^a del Mar García Vidal
(por delegación decreto alcaldía 139/2022)

ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA DE SOLICITUDE

NOME E APELIDOS: _____
DNI: _____
TELÉFONO DE CONTACTO /TELÉFONO MÓBIL: _____
ENDEREZO: _____

A persoa que asina abaixo solicita ser admitida no proceso de selección de persoal laboral temporal a tempo completo para o posto de:

- Socorrista

DECLARANDO que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral temporal do Concello de Negreira.

Achégase a documentación relativa á fase de concurso (fotocopias), e a documentación establecida como requisito. Marcar cunha (X) o que se presenta:

- DNI.
- Documentación acreditativa orixinal ou fotocopia da formación aportada polo aspirante.
- Xustificación da condición de destinatario da Base 5.
- Declaración xurada (Anexo II).

En Negreira, a __ de maio de 2022

Asdo.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE NEGREIRA

De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámolo de que os datos persoais facilitados se incorporarán e manteñen nun ficheiro de titularidade do Concello, coa finalidade de poder



atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito **confidencial**, podendo ser cedidos so nos casos previstos na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición na medida que en que a Lei o permita, dos seus datos. Comunicándollo por escrito ó Concello, achegando copia de documento que acredite a súa identidade.

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

D./D^a _____, con DNI núm. _____,
número de teléfono _____, con domicilio en
_____.

DECLARA baixo xuramento ou promete, aos efectos de ser admitido/a no proceso selectivo para o ingreso na lista previa na categoría de:

- **Socorrista**

convocada polo Concello de Negreira e, no seu caso, aos efectos da formalización do correspondente contrato de traballo, que:

A) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

B) Non atoparse incurso/a nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

C) Cumpro os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

D) Declaro formalmente non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenrolo das súas funcións.



Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

En _____, a _____ de _____ de 2022.

Asdo. _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE NEGREIRA.

De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámolo de que os datos persoais facilitados se incorporarán e manteñen nun ficheiro de titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos so nos casos previstos na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición na medida que en que a Lei o permita, dos seus datos. Comunicándollo por escrito ó Concello, achegando copia de documento que acredite a súa identidade.